



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Ref.: FO023B/2023

Expte.: 2022000048507

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO A CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DURANTE O EXERCICIO 2023 E APROBAR A DITA MODIFICACIÓN.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente número 2022000048507, relativo ao programa anteriormente citado, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo número 25 da Xunta de Goberno da sesión celebrada o 20 de xaneiro de 2023 aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2023 e foron publicadas no BOP do 6 febreiro de 2023 e feita a convocatoria por conduto da BDNS no BOP de 15 de febreiro de 2023 estando o prazo de presentación de solicitudes aberto ata o 10 de marzo de 2023.

Segundo.- De acordo co contido do informe emitido polo Servizo de Fiscalización á proposta de aprobación das Bases de convocatoria de subvencións MA100/2023, e que consta no expediente 2023000004550, o servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego emitiu proposta de modificación das Bases de convocatoria para que se recolla nas mesmas, como se fai no resto de convocatorias nas que se subvenciona persoal de concellos, un parágrafo co seguinte texto:

Neste programa subvencionaranse:

Os postos de traballo de natureza estrutural, que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo e, no caso de estar desempeñados por persoal con vinculación temporal, que teñan iniciado o proceso de estabilización de emprego regulado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

No caso de tratarse de postos de natureza non estrutural, as contratacións de persoal que realice o concello, sempre que se axusten á lexislación vixente en materia laboral.

Dado que a data da próxima Xunta de Goberno non se celebrará ata o vindeiro 10 de marzo e considerando a urxencia da modificación ao estar xa en prazo de presentación das solicitudes por parte dos concellos, e para que as entidades poidan realizar os cambios previstos, e vistos os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización, e en base aos antecedentes sinalados e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución nº 24474 de 16.07.2019 na Xunta de Goberno, como excepción, e considerando a urxencia na aprobación da modificación das Bases reguladoras do programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2023.

Segundo.- Modificar as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, do “Programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2023”, no sentido seguinte:

1º.- Modificar a *Base 3 . Obxecto e finalidade*:

Onde di:

Base 3.- Obxecto e finalidade

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións destinadas a apoiar aos concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes no sostemento dos gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2023 por un prazo máximo de 3 meses.

A contratación do persoal previsto nestas bases está sometida as condicións e límites recollidos na normativa de xeral aplicación ás entidades locais. Co obxecto de evitar o encadeamento de contratos laborais de duración determinada que poidan contribuír a manter a situación dun posible incumprimento das normas laborais de xeral aplicación, a contratación do persoal non poderá, en ningún caso, implicar a non aplicación da dita normativa invocando a acción de fomento doutras Administracións Públicas.

No caso de persoal propio do concello, só se subvencionarán neste programa os postos de traballo de natureza estrutural, que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo e, no caso de estar desempeñados por persoal con vinculación temporal, que teñan iniciado o proceso de estabilización de emprego regulado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

Debe dicir:

Base 3.- Obxecto e finalidade

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións destinadas a apoiar aos concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes no sostemento dos gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2023 por un prazo máximo de 3 meses.

No caso de persoal propio do concello, subvencionaranse:

Os postos de traballo de natureza estrutural, que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo e, no caso de estar desempeñados por persoal con vinculación temporal, que teñan iniciado o proceso de estabilización de emprego regulado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

No caso de tratarse de postos de natureza non estrutural, as contratacións de persoal que realice o concello, sempre que se axusten á lexislación vixente en materia laboral.

A estes efectos, no momento da solicitude e da xustificación da subvención deberán achegar a documentación que se requira no anexo de documentación.

Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

2º. Modificar a Base 9.- *Compatibilidade / incompatibilidade*

Onde di:

A axuda provincial concedida na convocatoria FO023B é incompatible coa percepción de outra axuda pública para o mesmo obxecto procedente tanto da Deputación, como de calquera outra entidade pública.

Debe dicir:

A axuda provincial concedida na convocatoria FO023B é compatible coa percepción de outra axuda pública para o mesmo obxecto procedente tanto da Deputación, como de calquera outra entidade pública.

3º.- Engadir no punto 3: *Anexo documentación, solicitude de concesión, 2.- Documentación específica o seguinte:*

No caso de postos de natureza estrutural:

- *Informe da Secretaría da entidade local sobre a natureza do posto de traballo (persoal funcionario ou laboral fixo) ou, de ser o caso, sobre a inclusión do dito posto no proceso de estabilización de emprego regulado na Ley 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.*

No caso de postos de natureza non estrutural:

- *Informe da Secretaría da entidade local, sobre a modalidade de contratación prevista e a súa adecuación a lexislación vixente en materia laboral.*

4º.- Engadir no punto 3: *Anexo documentación, no apartado de xustificación, 2.- Documentación específica o seguinte:*

No caso de postos de natureza estrutural:

Certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría de entidade local na que de conta da seguinte información:

- *Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado.*
- *Tipo de vinculación laboral (funcionario/a, funcionario/a interino/a, persoal laboral fixo).*
- *Data da toma de posesión ou da formalización de contrato e data de fin do contrato (no seu caso).*
- *O período no que estivo vinculado ao concello (todo o ano ou outro período).*
- *A entidade conta coas autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.*

No caso de postos de natureza non estrutural:

- Certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría de entidade local na que de conta da seguinte información:

- *Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado.*
- *Data de inicio e fin do contrato.*
- *Modalidade de contrato de traballo empregado.*
- *A entidade conta coas autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.*
- *Informe da Secretaría da entidade local sobre a adecuación da modalidade da contratación empregada á lexislación vixente en materia laboral.*

Polo tanto, o texto definitivo das Bases será o seguinte:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO A CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DURANTE O EXERCICIO 2023

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción Económica e Emprego
Anualidade	2023
Denominación	Programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes durante o exercicio 2023
Beneficiarios	Entidades locais da provincia da Coruña
Programa	FO023B
Aplicación orzamentaria	0510/3412/46201
Importe da convocatoria	306.000,00€
Importe da orzamento de gastos	Mínimo 2.500,00 € - Máximo 10.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 2.500,00 € - Máximo 10.000,00 €
Importe solicitado	Do 100% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	1

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por Resolución do Presidente da Deputación nº 48073 do 16 de novembro de 2022 ([BOP núm. 224, venres, 25 de novembro de 2022](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Liñas xerais e réxime xurídico específico

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destínalle importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas destinadas a promoción de actividades, investimentos e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, co obxectivo de contribuír a que os concellos e outras entidades locais da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación.

No contexto socioeconómico actual, é vontade da Deputación da Coruña axudar coa carga económica dos concellos fomentando o emprego dentro do marco de desenvolvemento sostible da provincia.

As axudas enmarcadas neste programa permiten a Deputación apoiar aos concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes no sostemento dos gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2023 por un prazo máximo de 3 meses.

Base 2.- Financiamento

Os custos derivados do presente programa financiaranse con cargo á seguinte aplicación do orzamento desta Deputación para o exercicio 2023:

Aplicación orzamentaria	Crédito dispoñible
0510/3412/46201	306.000,00 €

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento estará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Base 3.- Obxecto e finalidade

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións destinadas a apoiar aos concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes no sostemento dos gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2023 por un prazo máximo de 3 meses.

No caso de persoal propio do concello, subvencionaránse:

Os postos de traballo de natureza estrutural, que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo e, no caso de estar desempeñados por persoal con vinculación temporal, que teñan iniciado o proceso de estabilización de emprego regulado na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

No caso de tratarse de postos de natureza non estrutural, as contratacións de persoal que realice o concello, sempre que se axusten á lexislación vixente en materia laboral.

A estes efectos, no momento da solicitude e da xustificación da subvención deberán achegar a documentación que se requira no anexo de documentación.

Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

Base 4.- Gastos subvencionables

O importe da achega provincial destinarase a financiar os gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2023 por un prazo máximo de 3 meses, durante o período de 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, considerándose gastos subvencionables os seguintes:

Conta contable	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
640	Soldos e salarios **
642	Seguridade social a cargo da entidade **

** No caso de contratación directa de persoal, deben desagregar os importes correspondentes aos conceptos “640. Soldos e Salarios” e “642. Seguridade social a cargo da entidade”

Deberá observarse o establecido na Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local e Orde HAP/1782/2013, do 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo simplificado de contabilidade local e se modifica a Instrución do modelo básico de contabilidade local aprobado por Orde HAEHA/4040/2004, do 20 de novembro

Base 5.- Exclusiones

Non serán obxecto de subvención nesta convocatoria as seguintes actividades:

- As actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio e para o mesmo obxecto, ben con outra subvención de concorrencia ou por subvención nominativa, por ser incompatibles. No caso de suceder a entidade beneficiaria tería necesariamente que renunciar a unha delas.
- Os gastos que non se correspondan coa contratación de socorristas.

Base 6.- Destinatarios/as e requisitos

Son destinatarios deste Programa os concellos do interior da provincia con menos de 50.000 habitantes que posúan piscinas municipais ou praias fluviais. A estes efectos terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Base 7.- Compromisos e obrigas

O concello comprométese a publicitar a achega provincial e a facer constar o financiamento da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet. Coa memoria e conta xustificativa, o concello presentará declaración sobre o cumprimento destas obrigas.

Base 8.- Concesión

O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia competitiva polo que logo de revisar as solicitudes presentadas, e de comprobar que cumpren cos requisitos requiridos na convocatoria aplicaranse os seguintes criterios de valoración:

Superficie total dos vasos das piscinas/ praias fluviais: (ata 65 puntos)	Menos de 350 m ²	55 puntos
	Entre 350 e 400 m ²	60 puntos
	Máis de 400 m ²	65 puntos
Poboación do concello: (ata 20 puntos)	Ata 3.000 habitantes	17 puntos
	De 3.001 a 5.000	18 puntos
	De 5.001 a 10.000	19 puntos
	Máis de 10.000	20 puntos
O concello solicitante é resultado dunha fusión de municipios: (ata 15 puntos)	Non	0 puntos
	Sí	15 puntos

Á vista da documentación que conste no expediente, e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos, a unidade xestora formulará un informe proposta de resolución de concesión definitiva, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá notificárselles ás entidades interesadas na forma prevista na convocatoria.

Base 9.- Compatibilidade/incompatibilidade

A axuda provincial concedida na convocatoria FO023B é compatible coa percepción de outra axuda pública para o mesmo obxecto procedente tanto da Deputación, como de calquera outra entidade pública

Base 10.- Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación da axuda rematará **o 1 de abril de 2024**.

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementarias e xurídicas de aplicación.

3.- ANEXO DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDE DE CONCESIÓN

1.- Declaracións e compromisos

- Declaración de que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación da Coruña e coa Tesourería da Seguridade Social.
- Declaración de que a entidade autoriza á Deputación, cando proceda, para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- Declaración de coñecer a seguinte información en materia de protección de datos:
 - Os datos facilitados serán tratados pola Deputación coa finalidade de tramitar o procedemento de subvención.
 - O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o cumprimento dunha misión de interese público.
 - Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. A Deputación conservará estes datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.
 - Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
 - Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.
- Declaración de que a entidade autoriza á Deputación a que aplique a compensación para o cobramento de sancións salvo que se formule oposición as mesmas por parte da entidade sancionada ata que se resolva o recurso.
- Declaración de que a entidade cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias aprobada polo pleno da Deputación, publicada no BOP nº 150 de 10 de agosto de 2021, e nas bases reguladoras da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación.

2.- Documentación específica

- Certificación do acordo de solicitude de subvención.
- Memoria explicativa da finalidade da subvención.
- Certificación da presentación da última Conta xeral que legalmente sexa exixible ante os órganos de control externo.
- No caso de postos de natureza estrutural:
 - Informe da Secretaría da entidade local sobre a natureza do posto de traballo (persoal funcionario ou laboral fixo) ou, de ser o caso, sobre a inclusión do dito posto no proceso de estabilización de emprego regulado na Ley 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- No caso de postos de natureza non estrutural:

- Informe da Secretaría da entidade local, sobre a modalidade de contratación prevista e a súa adecuación a lexislación vixente en materia laboral.

XUSTIFICACIÓN

1.- Declaracións e compromisos

As seguintes declaracións apareceran no momento de achegar a xustificación para cubrir en modo formulario:

- Declaración de que a entidade que represento fixo constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, audiovisual) feita das actividades subvencionables.
- Declaración de que a entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Declaración de que os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración, se procede, de que a entidade que represento RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non alcancen o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados) e que, no seu caso, ACEPTA o reintegro da cantidade anticipada ao non alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación.
- Declaración, se procede, de que a entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria e ACEPTA a sanción que corresponde segundo se recolle na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención.

2.- Documentación específica

- Memoria das actividades realizadas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: actividades desenvoltas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos.

- No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicarse, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade. Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente **autorización individual** asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade onde conste que non percibiron ningún outro ingreso para o mesmo obxecto.**

- No caso de postos de natureza estrutural:

Certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría de entidade local na que dé conta da seguinte información:

- Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado.
- Tipo de vinculación laboral (funcionario/a, funcionario/a interino/a, persoal laboral fixo).
- Data da toma de posesión ou da formalización de contrato e data de fin do contrato (no seu caso).
- O período no que estivo vinculado ao concello (todo o ano ou outro período).

- A entidade conta coas autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

- No caso de postos de natureza non estrutural:

- Certificación expedida pola persoa a cargo da Secretaría de entidade local na que dé conta da seguinte información:

- Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado.
- Data de inicio e fin do contrato.
- Modalidade de contrato de traballo empregado.
- A entidade conta coas autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

- Informe da Secretaría da entidade local sobre a adecuación da modalidade da contratación empregada á lexislación vixente en materia laboral.

Terceiro.- Publicar a modificación das Bases reguladoras do programa de subvencións FO023B/2023 no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.